



UNIVERSIDADE DE VIGO

BOLSAS DE RESIDENCIA PARA ALUMNADO DA UVIGO, CURSO 2019/20

A Universidade de Vigo convoca bolsas de residencia para o alumnado matriculado nesta Universidade en titulacións de grao e máster no curso 2019/2020.

REQUISITOS:

- Posuír nacionalidade española ou dalgún outro país da EU (o alumnado non comunitario deberá acreditar a condición de residente en España)
- Acreditar a necesidade de residir fora do domicilio familiar durante todo o curso por razón da distancia entre o mesmo e o centro universitario (distancias superiores a 40 km.)
- Non estar en posesión ou non reunir os requisitos para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente aos estudos para os que se solicita a bolsa.
- Estar matriculado/a no curso 2019/2020 nalgunha das titulacións de grao ou máster en réxime presencial a tempo completo
- No caso de alumnado que continúe estudos de Grao ou Máster deberá ter superado no curso anterior:
 - 50% dos créditos matriculados en graos da rama de Enxeñaría e Arquitectura.
 - 60% dos créditos matriculados no resto das titulacións de diplomado, licenciado e grao
 - 80% dos créditos matriculados nas titulacións de máster
- Cumprir cos requisitos económicos (límites de renda e patrimonio familiar) establecidos nas bases

DOTACIÓN

- Bolsas tipo A: axudas de 100 €/mes.
- Bolsas tipo B: axudas de 60 €/ mes.

Esta axuda de aloxamento é incompatible con calquera outra bolsa e/ou axuda polo mesmo concepto

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 6 de setembro de 2019, a través do formulario dispoñible na web da Secretaría Virtual Estudiantes <http://seix.uvigo.es> (apartado "bolsas propias /residencia")

CONTACTO:

Universidade de Vigo

Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Edificio Exeria – Campus Universitario As Lagoas, Marcosende (36310 - Vigo)

Tel.: 986 813 611 - 986 813 612

Correo-e: bolsas@uvigo.es

Web: www.uvigo.es